XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

# Troita arco-iris (*Oncorhynchus mykiss*)



**NOME COMÚN**
Troita arco-iris
**NOME CIENTÍFICO**
*Oncorhynchus mykiss*
**CLASE**
Peixes e Agnatos
**FAMILIA**
Salmonidae

## DESCRICIÓN

Especie de talle medio que non pasa, normalmente, de 50 cm. Pode chegar a alcanzar os 7 kg de peso. O dorso é dunha cor verde olivácea e o ventre é claro, presentando un punteado que se estende ata a aleta dorsal, máis denso e máis fino que o da troita común (*Salmo trutta*). Nos costados posúe unha banda de cor rosada.

## REPRODUCIÓN

A femia fai un niño no leito do río, onde desova e posteriormente o macho fecunda os ovos, que logo son cubertos de grava e inmediatamente abandonados.

## ALIMENTACIÓN

Similar á da troita común: larvas de invertebrados acuáticos e mesmo peixes e troitas de pequeno tamaño.

## HÁBITAT

Habita preferentemente en torrentes de augas frías e moi oxixenadas. Aínda que algúns exemplares poden migrar a lagos ou ao mar, retornan ao seu regueiro de orixe para desovar.

## DISTRIBUCIÓN

Non é moi abundante. A pesar do estendido do seu uso na repoboación dos ríos galegos tempo atrás, parece que non se adaptou ben á vida neles. Actualmente existen poboacións deste salmónido sobre todo en ríos onde hai piscifactorías, xa que escapan moitas durante os desbordamentos. Así, pódense atopar nos ríos Eo, Ouro, Landro, Xubia, Anllóns, Deza, Umia e no Lor.